



INFORMACIÓN SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR

- LIÑA DE CORCUBIÓN DO IES FERNANDO BLANCO

O alumnado do IES Fernando Blanco (que non sexa da ESO) e que desexe utilizar a liña de transporte escolar para ir a Corcubión deberá cumprimentar unha solicitude de usuario excepcional e presentala na oficina do centro ou enviala ao seguinte enderezo email: ies.fernando.blanco@edu.xunta.gal

A liña de Corcubión é unha liña xestionada pola Consellería de Educación e, de existir prazas suficientes, poderá facer uso da mesma o alumnado do centro que previamente o teña solicitado e aprobado.

- RESTO DE LIÑAS DO IES AGRA DE RAÍCES

O alumnado da ESO do IES Agra de Raíces é usuario gratuíto das liñas de transporte do IES Agra de Raíces.

O alumnado da ESO e dos Ciclos Básicos do IES Fernando Blanco ao estar en idades de escolarización obrigatoria poderán utilizar gratuitamente as liñas do IES Agra de Raíces como “usuarios excepcionais” sempre e cando existan prazas dispoñibles.

O resto do alumnado do ensino non obrigatorio (bacharelato, ciclos medios e superiores) do IES Agra de Raíces e do IES Fernando Blanco poderán utilizar esas liñas se houbera prazas dispoñibles e pagando a tarifa correspondente. Son liñas de transporte xestionadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade nas que pode ir “público xeral” nas mesmas pagando o billete correspondente, sempre e cando existan prazas dispoñibles.

Este alumnado do ensino non obrigatorio entraría nesta categoría de “público xeral”, co cal non teñen que facer solicitude para utilizar o servizo de transporte.

Aproveitamos para informarlles que existe a tarxeta “Xente nova”, para menores de 21 anos, co que este colectivo pode viaxar na rede de transporte público de Galicia pagando o billete e que o Xunta lles reintegra o importe consumido na quincena anterior a partir dos días 5 e 20 de cada mes.

No seguinte link poden consultar a información de como funciona e o xeito de solicitala:

<https://www.bus.gal/gl/xente-nova>